

HISTORIA DA ARTE

Recomendacións para as probas de ABAU do 2022 da materia de Historia da Arte, código 33.

- 1.- Tense realizado unha modificación no número de conceptos.
- 2.- Tense realizado unha modificación no número e selección das obras nas que se debe facer especial incidència.
- 3.- A estrutura da proba mantén a concepción básica da convocatoria do curso 2020-2021. É dicir: o exame consta de cinco preguntas compostas por un apartado de análise dunha lámina e outro de definición de conceptos. Debe contestar a **DÚAS DAS CINCO PREGUNTAS**.
- 4.- Como en anos anteriores, aínda que o programa está dividido en seis bloques, en realidade solo son cinco porque o bloque quinto e sexto están fundidos no propio programa alcanzando só un 20% do total. Por este motivo, en cada pregunta figurará, para a súa análise, unha lámina de cada un dos cinco bloques referidos.

Ós/Ás alumnos/as formularáse a pregunta do seguinte xeito: **Análise da lámina X.**

5.- Como no programa constantemente reitera “identifica, analiza e comenta” seguiremos mantendo 1 punto pola identificación, é dicir pola clasificación de autor, nome da obra, estilo e cronoloxía. Outro punto polo encadramento histórico. E outros dous puntos polo apartado de análise e comentario.

6.- Ademais, cada pregunta, contará cun apartado adicado a definición de conceptos. Neste apartado o/a alumno/a deberá elixir dous dos catro conceptos propostos. A relación de conceptos mantense como viña sendo habitual ata agora.

Ós/Ás alumnos/as formularáse a pregunta do seguinte xeito: **Defina dous dos seguintes conceptos.**

7.- A estrutura do exame quedaría do seguinte xeito:

Análise da lámina elexida mediante tres apartados (4 puntos):

HISTORIA DA ARTE

Identificación, título, autor, cronoloxía, cultura, estilo, movemento (1 punto).

Encadramento no contexto histórico-artístico (1 punto).

Análise e comentario da lámina (2 puntos).

Análisis de la lámina elegida mediante tres apartados (4 puntos)

Identificación, título, autor, cronología, cultura, estilo, movemento (1 punto).

Encuadramiento en el contexto histórico-artístico (1 punto).

Análisis y comentario de la lámina (2 puntos).

Definición de conceptos (1 punto, 0,5 por concepto) / Definición de conceptos (1 punto, 0,5 por concepto)

Para calquera dúbida podedes contactar connigo no meu correo electrónico.

Santiago a 30 de xullo de 2021

Juan M. Monterroso Montero (juanmanuel.monterroso@usc.es)